



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 12 DA CORPORACIÓN CELEBRADA
O 28 DE OUTUBRO DE 2021**

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Sambade Lloréns (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D^a Paula Simal Mayo (BNG).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

Antes de iniciar o pleno, a señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero di que como acordaron entre todos e todas a declaración institucional sobre a Galicia profunda vai proceder a súa lectura e inician así o Pleno deste día:

PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A GALICIA PROFUNDA

“Estes días pasados, a través da prensa, tiveron coñecemento do auto ditado polo Xulgado de 1^a núm. 7 de Familia de Marbella, no que no marco dun procedemento de custodia dun menor se consideran limitadas as posibilidades de felicidade e de desenvolvemento das persoas por residir no que o propio auto di: “...como pequiñísima poboación de la Galicia profunda lejos de todo...” E sen entrar noutras consideracións que non lles corresponde facer, a afirmación non pode ser máis desafortunada, nin estar máis lonxe da realidade, ofrece unha visión despectiva e pexorativa do rural galego, evidenciando a existencia de prexuízos que nada teñen que ver coa nosa realidade. Chama profundamente a atención que estes estereotipos tan arcaicos se vexan reflectidos nunha resolución xudicial. A realidade é que o noso concello conta cos servizos e infraestruturas necesarias para desenvolver unha vida en plenitude nun contorno natural, rural, costeiro galego, non masificado, con garderías públicas e privadas, centro de saúde, colexios e institutos, xulgado de primeira instancia, cun índice de delincuencia nas rúas moi baixo, cunha oferta de actividades suficiente para desenvolver toda a potencialidade das persoas, coa capital de Galicia, e todos os servizos sanitarios, educativos, culturais e doutra índole que esta ofrece, a 60 km de distancia, e unhas vías de comunicación máis que aceptables inda que sempre mellorables. O contorno natural e social é polo tanto moi favorable para a crianza dos nosos fillos, que gozan aquí dunha natureza de monte praia, con lugares de interese comunitario, e a tranquilidade que ofrece a vida nun lugar seguro, próximo, saudable e que conta cunha rede de apoio social e comunitario que constitúe un dos sinais de identidade do noso territorio. As posibilidades de desenvolvemento persoal, incluída a formación académica, están plenamente garantidas. Queren, polo tanto, con esta declaración, que é tamén un acto de dignidade colectiva, mostrar o firme rexeitamento da expresión Galicia profunda, para calquera aldea, parroquia ou vila do noso concello, e por extensión a todo o país. Este cualificativo implica unha valoración pexorativa e inxustificadamente negativa de Galicia, evidenciando enormes prexuízos que nada teñen que ver coa realidade do noso contorno. Galicia, a ría de Muros, o concello de Muros e cada unha das súas parroquias, son lugares que ofrecen unha calidade de vida acorde coa sociedade na que vivimos e perfectamente acta para o desenvolvemento completo e feliz dun neno ou dunha nena, así o expresamos todos os membros desta corporación, reafirmándonos no noso orgullo como

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

galegas e galegos, e especialmente, como parte do pobo de Muros. Muros é un bo lugar para ser profundamente feliz.”

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 11 de sesión de pleno ordinario do 30 de setembro de 2021

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 11 de sesión de Pleno ordinario do 30 de setembro de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta núm. 11 de sesión de Pleno ordinario do 30 de setembro de 2021 por unanimidade dos membros presentes.

Segundo. Toma de razón da renuncia presentada o 20 de outubro de 2021 pola concelleira pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego, D^a Paula Simal Mayo

Tómase razón por parte da Corporación Municipal da renuncia presentada o día 20 de outubro de 2021 pola concelleira pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG), D^a Paula Simal Mayo, a cal se lle desexa moita sorte e agradéceselle a súa participación nestes anos.

Así mesmo, declárase a vacante do cargo de concelleiro/a deste Concello, e de acordo co artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, remitirase a certificación desta toma de razón á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de concelleira da seguinte candidata da lista electoral do BNG, D^a Maruxa Martínez Romani.

A Sra. alcaldesa dá paso a intervención da portavoz do BNG.

A Sra. Lago di que coma a súa compañeira durante estes dous anos, o primeiro que quere agradecer é a súa dedicación e que sabe que conta con todo o seu apoio neste novo camiño e que lles gustaría contar con ela ata o final da lexislatura e tamén quere darlle a benvinda á Sra. Martínez.

Terceiro. Dación de conta da consideración de membros non adscritos para os/as concelleiros/as, María Xosé Alfonso Torres, José Manuel Quintela Fernández e María Sambade Lloréns

A Sra. alcaldesa di que se dá conta da consideración de membros non adscritos para os/as concelleiros/as, María Xosé Alfonso Torres, José Manuel Quintela Fernández e María Sambade Lloréns. Di que o abandono do grupo de procedencia polo que se presentaron ás eleccións municipais, Compromiso por Galicia (CxG), supón que a concelleira Sra. Alfonso e o concelleiro Sr. Quintela pasen a considerarse coma non adscritos. E a Sra. Sambade notificou no prazo regulamentario a súa vontade de quedar coma concelleira non adscrita, sen integrarse no grupo municipal de CxG.

Cuarto. Aprobación definitiva do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Informe preceptivo vinculante do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Dirección Xeral de Defensa do Monte

- Plan Municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Muros asinado por técnicos forestais competentes o 11 de febreiro de 2020.

- Informe proposta da Secretaría do Concello do 19 de outubro de 2021.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia en base ao informe emitido sobre o plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Muros pola Dirección Xeral de defensa do Monte da Consellería de Medio Rural o día 21 de febreiro de 2021.

SEGUNDO. Aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Muros de data 11 de febreiro de 2021 que obra no expediente.

TERCEIRO. Notificar este acordo á Consellería de Medio Rural.

A señora alcaldesa di que despois da aprobación inicial no Pleno do mes de outubro, o plan expúxose ao público para a presentación de alegacións e presentáronas o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia e en decembro dese mesmo ano solicitaron á Dirección Xeral de Montes o informe preceptivo vinculante do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Sinala que o retraso estivo ocasionado pola pandemia nas que se priorizaron outro tipo de actuacións. E di que neste documento, entre outras cousas, defínese as faixas secundarias de xestión de biomasa e zonifícase o territorio como marco das directrices de actuación a realizar, e dá paso ás intervencións.

Intervén a Sra. González para manifestar que xa sinalaron na comisión informativa que ía apoiar a proposta.

Intervén a Sra. Lago para dicir que lles sorprende un pouco a forma pola cal se desestiman as alegacións do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, órgano independente e capacitado para expoñer as alegacións que considerou oportunas e parécelles que no informe da Xunta de Galicia non quedan debidamente xustificadas os motivos polo que se desestiman.

Intervén a Sra. Alfonso e di que é un plan que sae pola adhesión ao convenio de colaboración cando aínda estaban eles no goberno, en setembro de 2018, e é un plan que chegou ao concello en xuño de 2019, polo que di que van apoiar a súa aprobación definitiva.

A señora alcaldesa indica que o informe da Xunta é preceptivo e vinculante.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (1) adopta o seguinte:

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia en base ao informe emitido sobre o plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Muros pola Dirección Xeral de defensa do Monte da Consellería de Medio Rural o día 21 de febreiro de 2021.

SEGUNDO. Aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Muros de data 11 de febreiro de 2021 que obra no expediente.

TERCEIRO. Notificar este acordo á Consellería de Medio Rural.

Quinto. Acordar a adhesión ao Protocolo Xeral de Actuación da Xunta de Galicia-FEGAMP “Concellos Doing Business Galicia”

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

ADHESIÓN AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE GALICIA-FEGAMP “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”

Visto o Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinado o día 10 de outubro de 2017 para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a Creación da Iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, e a addenda asinada o día 13 de decembro de 2017.

Visto que o protocolo de actuación ten como obxecto establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma, mediante a posta en marcha da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Visto o Informe sobre os compromisos do Concello de Muros e da Xunta de Galicia en relación a adhesión ao Protocolo Xeral de Actuación da Xunta de Galicia-FEGAMP “Concellos Doing Business Galicia”.

Visto todo o anterior, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa correspondente a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. *A adhesión expresa do Concello de Muros a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas e Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business de Galicia”.*

SEGUNDO. *Notificar esta acordo ao órgano competente ao efectos do establecido no protocolo xeral de actuación.*

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Intervén a Sra. González para manifestar que xa sinalaron na comisión informativa que a ían apoiar.

Intervén a Sra. Lago e di que xa preguntaron na comisión informativa que repercusión económica ía ter a aplicación desta medida e di que entenden a dificultade de facer unha estimación ao non saber por anticipado as empresas que se van adherir, e botan en falta unha comparativa con anos anteriores, e di que isto non significa que se neguen ás bonificacións das taxas, pois no seu momento votaron a favor en diferentes ocasións, pero consideran necesario o impacto económico que suporá, e pregunta se no referente á redución de prazos se hai suficiente persoal laboral para poder asumir estes prazos. Tamén di que consideran as achegas da Xunta de Galicia insuficientes fronte aos compromisos dos concellos. Sinala que o nome elixido parécelles totalmente desacertado cando existen termos galegos máis axeitados.

Intervén a Sra. Alfonso que di que é unha pena que a Consellería non fomenta máis a nosa lingua e que acuda a outros idiomas para iniciativas deste tipo. Esta iniciativa xa a sacara a Xunta de Galicia no 2018 e xa daquela botan en falta compromisos máis consistentes da Xunta. Di que tiña unha pregunta preparada para o apartado de rogos e preguntas, pero di que xa o vai comentar, no protocolo que se presenta establece bonificacións e tamén establece que os concellos poden establecer bonificacións e mesmo anular taxas pola prestación de servizos urbanísticos e taxas polas apertura de establecementos, polo que lles gustaría saber que vai facer o Concello con respecto a este apartado. Botan en falta tamén, un informe de Intervención. E sinala que todo o que signifique promoción do concello para que as empresas se instalen aquí, a eles parécelles ben, polo que van a votar a favor.

Intervén a señora alcaldesa dirixíndose á Sra. Lago e di que o que traen é a proposta de adhesión ao protocolo, as modificacións das ordenanzas seguirán o trámite regulamentario. E en canto á denominación tampouco lle parece a máis acertada. Con respecto á Sra. Alfonso e os concelleiros non adscritos, di que sería bastante chocante que non votasen a favor xa que intentaron varias veces traelo ao pleno e nunca o fixeron.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (1) adopta o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. A adhesión expresa do Concello de Muros a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas e Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business de Galicia”.

SEGUNDO. Notificar esta acordo ao órgano competente ao efectos do establecido no protocolo xeral de actuación.

B. Mocións de urxencia

Sexto. Proposta de declaración institucional sobre a Galicia profunda

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que como moción de urxencia era a Proposta de declaración institucional sobre a Galicia profunda que xa se fixo ao principio.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Séptimo. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 945/2021 do 1 de setembro de 2021 ata o núm. 1070/2021 do 30 de setembro 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 24 do 24 de setembro de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

A señora alcaldesa sinala que a dación de contas das resolucións e das xuntas de goberno local, a partir deste momento, vanse dar por bloques mensuais, polo que as que traen son as do mes de setembro.

Oitavo. Rogos e preguntas

A Sra. alcaldesa di que atenderon os rogos na medida que puideron.

Contestación dos rogos e preguntas formuladas na sesión do pleno ordinario anterior do que era antes o grupo municipal CXG:

A señora alcaldesa di que a Sra. Alfonso preguntou pola RPT, e di que no mesmo día tiveron unha reunión da mesa e que terán outra próxima.

Preguntou pola unitaria de Tal, e di que enviaron a proposta de convenio e que está pendente de valorar xa que van con bastante retraso.

Preguntou polo proxecto dos vestiarios, e a señora alcaldesa contesta que como ben sabe a Sra. Alfonso, sacouse unha primeira licitación no ano 2019, que quedou deserta, sacouse de novo co proxecto reformulado porque no orixinal había cousas tan *chamativas* como o prezo da unidade de extintores a 2 €, a hora dun oficial de 1ª de construción a 4 € etc. Adxudicouse a unha empresa, e no momento de facer o *replanteo*, atopouse problemas coa topografía do terreo que dificultaban o sistema de construción, polo que se volveu a modificar o proxecto. E desta volta a Deputación considerou a modificación coma substancial, polo que houbo que reelaborar o proxecto.

Contestación dos rogos e preguntas formuladas na sesión do pleno ordinario anterior do grupo municipal BNG:

A señora alcaldesa di que a Sra. Lago preguntou polos restos de limpeza no monte de Serres, e que xa lle explicaron que non eran restos, senón area, e o SEPRONA non mandou ao Concello facer ningunha actuación.

Preguntou que entidade pintou os sinais do Camiño Ría Muros – Noia, e di que non lles consta que o fixera ningunha entidade.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Preguntou pola retirada de contedores do lixo, e contesta que non se retiraron que se desprazaron para que se puideran recoller xa que Construcciones y Contratas di que non ten medios para acceder a certos puntos. E di que levan dende o mes de setembro facendo xestións coa Mancomunidade e con Fomento para solucionar este problema que lle parece bastante grave e dinlle que esperan telo solucionado en breve cun camiión de tamaño adecuado para poder ir a estes puntos.

Preguntou polo arranxo do camiño de San Xián e o da Insuela, e di que se acometen todos os arranxos que son posibles.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta se chegaron fondos para o pagamento das rehabilitacións das casas do conxunto histórico xa que quedan bastantes pendentes por aboar.

A Sra. alcaldesa contesta que os fondos están dende o 2017, pero que nunca se fixo unha actuación con eles, e están intentado poñelos á disposición da veciñanza.

A Sra. González di que queren saber cando se vai pechar a rúa de arriba, cando se vai executar o proxecto que pediron cando se aprobaron os presupostos. A señora alcaldesa contesta que xa se vai executar.

A Sra. González pregunta como vai o pagamento dos trienios aos traballadores, e a señora alcaldesa di que pouco a pouco van recoñecendo as antigüidades.

A Sra. González di que hai un furado importante fronte á rúa Ancha, polo que roga que se arraxe.

A Sra. González pregunta polo conflito do lixo, e a señora alcaldesa contesta que a achega aumentou para facer fronte ao paga das sentenzas. E a Sra. González volve a preguntar se non hai financiación da Xunta de Galicia ou da Deputación, ao que a señora alcaldesa contesta que non o cre.

A Sra. González remata rogando que déuselle coñecemento que os concelleiros de CxG volven a ser non adscritos, e que sempre acaban as lexislaturas sendo non adscritos, pero vén que seguen funcionando como se foran un grupo, cunha portavoz, e queren que non funcione coma grupo, e haille que dar a palabra a un por un.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que no referente ás pintadas do camiño, o Concello debería saber quen as fixo.

Pregunta en que estado se atopa a concesión do bar San Francisco, e a señora alcaldesa di que segue faltando un informe.

Pregunta cando se vai instalar a fibra nas parroquias.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Roga que se busque unha alternativa ecolóxica ás botellas de auga que se dan nas sesións plenarias.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso di que sen entrar en debates quere aclarar que pasaron a non adscritos por solicitude deles porque non se senten representados polo grupo de CxG. E di que en canto a rogos e preguntas non teñen nada que comentar.

A Sra. Sambade di que por alusións que a ela non a expulsaron de ningún sitio e non consente que se minta e non ten que dar explicacións á voceira de ningún outro partido. E di que se actúan como grupo é porque entre eles seguen traballando xuntos, e por economizar o tempo.

O Sr. Quintela di que a voceira do grupo socialista no seu momento alcaldesa tratounos como grupo dos non adscritos e está recollido nas actas.

A Sra. alcaldesa di que poden actuar dentro dos límites regulamentarios pero sinala que non existe o grupo de non adscritos.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e dez minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.